



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza apoiará o proxecto para o arranxo do vial do Polígono Industrial da Ran e a creación dun viveiro de empresas

A Comisión de Contas do Concello de Cuntis ditaminará este venres o proxecto, que chega poucas semanas despois da aprobación da iniciativa de Veciñanza que reclamaba a colaboración interinstitucional para o impulso do Polígono da Ran.

Cuntis, 7 de setembro de 2017. A Comisión de Contas do Concello de Cuntis ditaminará este venres o proxecto para a 'Humanización do viario do Polígono Industrial da Ran e viveiro de empresas en Meira'. Esta intervención está cofinanciada nun 80% pola Deputación de Pontevedra e terá un custe de case un millón de euros (o 20% restante apórtao o Concello de Cuntis). **Consistirá no arranxo do vial do parque industrial que conecta a N-640 coa PO-220 e na reforma da vella escola de Meira para a creación nela dun viveiro de empresas.**

Logo do ditame favorable que presumiblemente lle dará a Comisión deste venres, o proxecto será debatido en pleno a vindeira semana para a súa aprobación definitiva e conta cun período de execución de doce meses. Tal e como ten demostrado, o noso grupo apoiará sen fisuras canta iniciativa procure a mellora das condicións do parque empresarial da Ran.

Esta subvención do ente provincial chega poucas semanas despois da aprobación no pleno do mes de xullo da moción de Veciñanza que reclama a colaboración interinstitucional para o impulso do Polígono da Ran, tan necesario para o desenvolvemento económico de Cuntis. Naquela iniciativa (que foi aprobada cos votos favorables de Veciñanza, PP e PSOE; e a abstención do BNG) [o noso grupo plantexaba ademais da implicación orzamentaria da Deputación de Pontevedra, a creación dun viveiro de empresas en Cuntis](#). Esta última demanda verase cumprida coa realización deste proxecto.

Logo dunha parálise prolongada, coa iniciativa de Veciñanza (e co apoio do Deputado provincial Xosé Lois Jácome) comeza a encamiñarse o longo traballo que deberá buscar a regularización definitiva do polígono. Malia este primeiro paso **non nos conformamos e agardamos que o antes posible bote a andar a mesa de traballo que Santi Martínez, voceiro de Veciñanza, demandaba no momento da aprobación da iniciativa.**

